

Clasificación Decimal Universal

Sumario | Galego

Clasificación Decimal Universal

Sumario | Galego

UDC Consortium

Editado por Edgardo Civallero

Versión *beta* – Abril de 2016

Multilingual Universal Decimal Classification Summary
(UDCC Publication No. 088)

Traducido por Llarina González, María Maceiras, Norma Paz Vigo, Francisco Conde, Lucía Iglesia, Montserrat Posse, María del Pilar García, David Sánchez e Edgardo Civalero

Editado por Edgardo Civalero

© UDC Consortium, 2013

Documento liberado para o seu uso e distribución baixo unha licenza Creative Commons

Atribución-Compartir igual 3.0

<http://www.udcsummary.info/php/index.php?lang=gl>

UDC Consortium (Consortio CDU)

PO Box 90407, 2509 LK

A Haia, Reino dos Países Baixos

email: mail@udcc.org

INTRODUCCION

A Clasificación Decimal Universal (CDU) é un sistema de clasificación bibliográfica no que ten cabida todo o coñecemento humano, tanto no plano material como no conceptual.

A súa notación, baseada en números arábigos, faia independente de calquera idioma e alfabeto, o que constitúe un dos valores fundamentais para o seu uso internacional.

A súa estrutura está baseada no principio dos números decimais; este ofrece a posibilidade de que un número determinado poida ser subdividido por agregado de cifras sucesivas sen que o número de partida chegue nunca a igualar ao número inmediato superior. O esquema é, pois, susceptible dun aumento indefinido.

A CDU é universal por abarcar, sen excepción, todo o conxunto do coñecemento. O concepto de universalidade suxire, ademais, que o seu uso é adecuado en calquera lugar do mundo.

É unha clasificación xerárquica: cada clase pode subdividirse nos seus compoñentes lóxicos. E, por último, é unha clasificación sintética: as clases principais son os bloques básicos cos que se constrúen as clases compostas e complexas, a través de diversos recursos e ferramentas.

O Sumario CDU

O Sumario CDU Plurilingüe (*Multilingual Universal Decimal Classification Summary*) representa unha selección de ao redor de 2600 clases extraídas do Arquivo Mestre de Referencia da CDU (UDC MRF) correspondente ao ano 2011. A selección, difundida de forma aberta e libre a través dunha plataforma en liña (<http://www.udcsummary.info/>), inclúe números principais, auxiliares comúns e auxiliares especiais, e cobre, de maneira relativamente homoxénea, todas as áreas do coñecemento. O Sumario replica a estrutura da base de datos central da CDU e, polo tanto, pode usarse tanto para estudo e docencia, como para a organización da información en pequenas coleccións. Dado que a CDU actualízase de forma anual, o Sumario recibe anualmente todas as correccións e ampliacións necesarias, así como algúns axustes suxeridos polos usuarios.

Preténdese que o Sumario CDU inclúa traducións a tantas linguas como sexa posible. Tales traducións ?incluíndo a galega? son realizadas e mantidas por equipos internacionais de tradutores e editores voluntarios.

Sobre a presente edición

Esta edición da tradución ao galego do Sumario CDU inclúe a versión máis recente das táboas dixitais (abril de 2016), inclúe algunhas ampliacións específicas ao ámbito galego (que non están na edición electrónica), e publícase e distribúese como versión *beta* ou "de proba". No documento inclúense táboas principais (coas súas respectivas clases, notas e exemplos de combinación) e auxiliares, e mais algúns apuntamentos sobre o uso das distintas seccións e das ferramentas de construción de notacións compostas e complexas.

Unha primeira versión definitiva vaise publicar a finais de 2016, incluíndo tanto as actualizacións provistas polo UDC Consortium como as correccións achegadas polos usuarios desta versión *beta*.

As táboas sempre poden accederse en liña a través da plataforma dixital do Sumario CDU (<http://www.udcsummary.info/php/index.php?lang=gl>).

1

TÁBOAS AUXILIARES

As táboas auxiliares son un dos trazos máis innovadores da CDU. Abranguen clases que se "engaden" aos números das táboas principais. A través deste proceso de *combinación* ou *síntese* de números simples acádanse *números compostos* que permiten a expresión dunha temática ou materia e mais dunha serie de aspectos ou *facetar* concretas (p.ex. emprazamento xeográfico, lingua de orixe, período de tempo, forma física, etc.).

As táboas auxiliares divídense en dous conxuntos: os *auxiliares comúns* e os *auxiliares especiais*.

Os *auxiliares comúns* indican características xerais, que se poden aplicar a calquera clase das táboas principais. As táboas de auxiliares comúns comprenden dúas táboas (1a e 1b) de *signos auxiliares comúns* ou "símbolos de conexión", e mais oito táboas (da 1c á 1k) de *subdivisións auxiliares comúns* (de lingua, de forma, de lugar, de ascendencia humana, grupo étnico e nacionalidade, de tempo, de punto de vista e de características xerais, ademais das notacións alleas á CDU).

Pola outra banda, os *auxiliares especiais* denotan un tipo de características que soamente se poden utilizar cun conxunto determinado de clases: son dependentes delas e non poden usarse en ningún outro sitio.

1.1

SIGNOS AUXILIARES COMÚNS

Os *signos auxiliares comúns* (táboas 1a e 1b) son "símbolos de conexión" ou "recursos de enlace". Permiten vincular as clases, e organizalas e amosalas loxicamente.

A táboa 1a contén o signo de coordinación ou adición (+) e o signo de extensión consecutiva (/). Ambos signos teñen como finalidade ampliar o significado dunha clase determinada asociándoa con clases afíns e xerando *clases* ou *notacións compostas*. Coas clases compostas pódense expresar temas complexos, que abranguen dende un conxunto de conceptos vencellados por elementos comúns ata conceptos xerais que se poden entender a partir dos seus compoñentes particulares, e para os cales non existe un número propio. O signo de coordinación ou adición (+) úsase, polo xeral, para conectar números *non consecutivos*, é dicir, non adxacentes. O signo de extensión (/) fai o propio co primeiro e o último dunha serie de números ou con dous números consecutivos.

Os números que forman parte dunha notación composta por extensión consecutiva pódense abreviar se posúen elementos comúns, algo que non se pode facer co signo de coordinación (+). Esta práctica é moi útil para o *shelving* (organización en andeis).

Cando os signos de coordinación (+) e extensión (/) se empregan para vincular auxiliares comúns, sempre conectan *aqueles que pertencen ás mesmas series ou táboas*. Cando se enlacen auxiliares comúns pechados entre signos biterminais (paréntese ou comiñas), a notación composta resultante debe aparecer entre tales signos biterminais.

A táboa 1b, pola súa banda, inclúe tres signos que permiten combinar e organizar clases simples xerando *clases complexas*. O signo de relación simple (:) se usa para conectar dúas (ou máis) clases simples: ao contrario dos signos da táboa 1a, non amplía senón que acouta o significado, ao referilo ós contidos comúns a todas as clases incluídas.

En teoría, a orde dos números a cada lado do signo (:) pode ser alterada segundo o interese do clasificador, a énfase que se queira poñer nalgún aspecto determinado da clase complexa ou as súas prioridades á hora de colocar o documento nun andel. Para evitar que a orde dunha determinada notación complexa sexa alterada e, polo tanto, mude o seu significado orixinal, emprégase o símbolo de relación fixa (:). Deste xeito fica claro cal é o termo principal e cal o subordinado.

Ademais destes dous signos de relación, a táboa 1b inclúe un terceiro que serve para organizar o interior dunha clase composta/complexa: o signo de subagrupamento ([]). Este último é especialmente práctico naqueles casos en que haxa dúas ou máis clases vinculadas entre si por un signo de coordinación (+), extensión (/) ou relación simple (:) e que estean relacionadas á súa vez con outra notación (ou notacións vinculadas) a

través dun signo de relación simple, ou ben estean modificadas por un auxiliar común ou especial, ou ben as dúas cousas.

+ Coordinación. Adición (signo máis). Táboa 1a

Nota de alcance: O signo de coordinación + (máis) conecta dous ou máis números non consecutivos da CDU para expresar un tema composto para o que non existe un número simple

Exemplo(s) de combinación:

(44+460)	Francia e España
(470+571)	Rusia. Federación rusa
622+669	Minaría e metalurxia

/ Extensión consecutiva (barra). Táboa 1a

Nota de alcance: O signo de extensión consecutiva / (barra) conecta o primeiro e o último dunha serie de números consecutivos da CDU para expresar un tema amplo ou unha serie de temas

Nota de aplicación: Se o número que segue á barra é maior de tres díxitos e comeza cun grupo de díxitos comúns ao número que a precede, pode abreviarse por omisión dos díxitos comúns a ambos, sempre e cando o primeiro elemento despois da barra sexa un punto. Así, na notación composta por 629.734 e 629.735, o grupo 629 é común a ambos e non se repite; o grupo .735 após a barra está coordinado co grupo .734 que o precede. Deste xeito, 629.734/.735 equivalería a 629.734+629.735

: Relación simple (dous puntos). Táboa 1b

Nota de alcance: O signo de relación simple : (dous puntos) vincula dous ou máis temas conectando os seus números da CDU. A diferenza do signo + e do signo / (Táboa 1a), os dous puntos restrinxen no canto de estender o ámbito dos temas conectados

Nota de aplicación: Cando os dous puntos se usan para relacionar auxiliares con signos biterminais (p.ex. paréntese ou comiñas), o número composto resultante encérrase dentro dun único par de signos, p.ex. (44:450). Se fose necesario, o tipo de relación entre dous conceptos,

como fase de tendencia, comparación, influencia, etc. pódese especificar aínda máis mediante auxiliares comúns de relacións de fase -042 (Táboa 1k)

Exemplo(s) de combinación:

17:7	Ética en relación coa arte
37-042.4:004	Uso de ordenadores en educación
37-042.3:32	Influencia da política na educación

:: Relación fixa (dous puntos dobres). Táboa 1b

Nota de alcance: O signo de relación fixa :: (dous puntos dobres) indica unha relación e fixa a orde dos números da CDU que participan nela. Úsase cando cómpre salientar que o número que segue aos dous puntos dobres é unha especificación do tema principal, expresado polo número precedente (ou sexa, que o segundo termo concreta os atributos do primeiro), e que a orde inversa non ten o mesmo significado

Exemplo(s) de combinación:

575::576.3	Citoxenética
77.04::355.4	Fotografía de guerra

[] Subagrupamento (corchetes). Táboa 1b

Nota de alcance: Os signos de subagrupamento [] (corchetes) empréganse para subagrupar termos dentro dunha combinación complexa de números da CDU, con obxecto de aclarar as relacións entre os compoñentes. O subagrupamento pode ser necesario cando dous ou máis números unidos polo signo máis (+), a barra (/) ou os dous puntos (:), que no seu conxunto representan un determinado tema, se vinculan con outro número mediante dous puntos (:), ou se modifican mediante auxiliares comúns e/ou especiais

Exemplo(s) de combinación:

[622+669](485)	Minaría e metalurxia en Suecia
----------------	--------------------------------

1.2

SUBDIVISIONS AUXILIARES COMÚNS

As subdivisións auxiliares comúns (ou, simplemente, *auxiliares comúns*) son clases que indican unhas determinadas características, e que poden ser aplicadas a calquera clase das táboas principais. Algúns auxiliares (concretamente, os das táboas 1c, 1d, 1e, 1f e 1g) poden empregarse de forma independente, é dicir, sen se asociaren a unha clase principal.

Os auxiliares permiten xerar números complexos cos que se pode representar unha temática principal e unha serie de facetas, aspectos, matices ou trazos complementarios (lugar xeográfico, momento histórico, forma do documento, lingua empregada, etc.).

=... **Auxiliares comúns de lingua. Táboa 1c**

Nota de alcance: Os auxiliares comúns de lingua indican a lingua ou forma lingüística dun documento cuxa temática vén expresada por un número principal da CDU. A táboa 1c serve de modelo para a subdivisión da clase 811 - Linguas (como materia de estudo), da clase 821 - Literaturas das distintas linguas e familias lingüísticas, e para a táboa (=...) - Auxiliares comúns de ascendencia humana, grupo étnico e nacionalidade (Táboa 1f)

Nota de aplicación: Os auxiliares =... pódense aplicar a todas as táboas principais cando a lingua sexa un aspecto secundario. Estes auxiliares adoitan colocarse detrás do número principal, na última posición, p.ex. 663.4(493)(075)=112.5 - Industria cervexeira en Bélxica - libro de texto - en flamengo. Non obstante, cando sexa necesario agrupar documentos por idioma no canto de por materia, pódese alterar a orde colocando diante o auxiliar común axeitado. Os documentos plurilingües pódense representar mediante =00 ou mediante auxiliares das linguas correspondentes en orde numérica ascendente, p.ex. 53(035)=00 - Manual de física en varias linguas, 53(035)=111=112.2=133.1 - Manual de física en inglés, francés e alemán

→ (=...), 811, 821

=...`01/08 **Auxiliares especiais para orixe, período e fase de desenvolvemento das linguas**

Exemplo(s) de combinación:

=134.4`04 Galego medieval

=134.4`06 Galego moderno

=...`01 Período antigo. Período arcaico

=...`04 Período medio ou medieval

=...`06 Período moderno

=...`276/`282 **Auxiliares especiais para uso da lingua, dialectos e variantes**

→ 81`27, 81`28

=...`276 Dialectos sociais. Xergas profesionais. Formas vernáculas especiais
Inclúe: Linguaxes, formas de falar, etc. asociadas con estratos sociais ou grupos de usuarios determinados

Exemplo(s) de combinación:

=134.4`276 Xergas profesionais en galego (p.ex. mariñeira)

=...`282 Dialectos. Linguas locais e rexionais. Variantes e linguas vernáculas
≅ 81`282

Exemplo(s) de combinación:

=134.4`282 Dialectos e variantes do galego

=00 Plurilingüe. Políglota

=030 Documentos traducidos. Traducións

=030.1/9 ≅ =1/=9

Nota de aplicación: Cómpre expresar a lingua orixinal mediante =030.1/9 e a lingua á que se traduce mediante =1/=9

Exemplo(s) de combinación:

61=030.161.1=133.1 Documentos médicos traducidos do ruso ao francés

08=030.134.3=134.4 Poligrafías traducidas do portugués ao galego

→ 81`25

=1/=9 **Linguas (naturais e artificiais)**

=1/=8 Linguas naturais

=1/=2 Linguas indoeuropeas

- =1 Linguas indoeuropeas de Europa
Nota de alcance: Para linguas mortas indoeuropeas, cómpre usar =2

- =11 Linguas xermánicas

- =111 Inglés

- =112 Linguas xermánicas occidentais (distintas do inglés)
Inclúe: Frisón

- =112.2 Alemán
Nota de alcance: Cómpre clasificar aquí o alto alemán ou alemán estándar escrito

- =112.5 Neerlandés
Nota de alcance: Cómpre clasificar aquí o holandés falado en Holanda e o flamengo falado en Bélxica e o nordés de Francia

- =112.6 Africáner

- =113 Linguas xermánicas setentrionais / nórdicas
Inclúe: Feroés, noruegués antigo

- =113.3 Islandés

- =113.4 Dinamarqués

- =113.5 Noruegués

- =113.6 Sueco

- =114 Linguas xermánicas orientais
Inclúe: Burgundio, ostrogodo, visigodo

- =12 Linguas itálicas

- =122 Linguas umbro-sabélicas / osco-umbras
Inclúe: Osco, sabélico, umbro, volsco

- =124 Latín

- =13 Linguas románicas
- =131 Linguas italo­románicas
Inclúe: Sardo, xudeoitaliano
- =131.1 Italiano
- =132 Linguas retorrománicas
Inclúe: Friulano, ladino, romanche
- =133 Linguas galorrománicas
Inclúe: Occitano, provenzal
- =133.1 Francés
- =134 Linguas iberorrománicas
Inclúe: Xudeoespañol / ladino
- =134.1 Catalán
- =134.2 Castelán
- =134.3 Portugués
- =134.4 Galego
- =135 Linguas románicas orientais / balcánicas
- =135.1 Romanés
- =14 Grego
Inclúe: Demótico, katharévusa, xudeogrego
- =15 Linguas célticas
Inclúe: Galo
- =152 Grupo gaélico / goidélico
Inclúe: Manx

- =152.1 Gaélico irlandés
- =152.2 Gaélico escocés
- =153 Grupo britano
Inclúe: Bretón, córnico, galés
- =16 Linguas eslavas
- =161 Linguas eslavas orientais
- =161.1 Ruso
- =161.2 Ucraíno
- =161.3 Bielorruso
- =162 Linguas eslavas occidentais
Inclúe: Alto e baixo sorbio, linguas pomeranias (caxubio, eslovinicio, polabio), silesiano
- =162.1 Polaco
- =162.3 Checo
- =162.4 Eslovaco
- =163 Linguas eslavas meridionais
Inclúe: Eslavo eclesiástico antigo / eslavón
- =163.2 Búlgaro
- =163.3 Macedonio
- =163.4 Serbio e croata
- =163.41 Serbio
- =163.42 Croata

- =163.6 Esloveno

- =17 Linguas bálticas
Inclúe: Curoniano, prusiano antigo

- =172 Lituano

- =174 Letón

- =18 Albanés

- =19 Armenio

- =2 Linguas indoiranianas, linguas nuristanias e linguas mortas indoeuropeas

→ =34

- =21/=22 Linguas indoiranianas

- =21 Linguas índicas

- =211 Sánscrito

- =212 Pali

- =213 Prácrito

- =214 Linguas índicas modernas

- =214.1 Grupo dárdico das linguas índicas
Inclúe: Caxemiro, cohistanés, cunar, paxai, xina, xitral

- =214.2 Grupo central das linguas índicas
Inclúe: Banjuri, bhili, khandesi, marwari

- =214.21 Hindi

- =214.22 Urdú

- =214.25 Gujarati

- =214.27 Punjabi
- =214.28 Rajastani
- =214.3 Grupo oriental das linguas índicas
Inclúe: Asamés, awadhi, bhojpuri, bihari, chhattisgarhi, khosali / hindi oriental, konkani / gomantaki, magahi, maithili, oriya
- =214.32 Bengalí
- =214.35 Marathi
- =214.4 Grupo setentrional das linguas índicas
Inclúe: Garhwali, kumauni, pahari / himachali
- =214.43 Nepalés
- =214.5 Grupo noroccidental das linguas índicas
Inclúe: Lahnda
- =214.52 Sindi
- =214.58 Xitano / romaní
- =214.6 Grupo cingalés-maldivano
- =22 Linguas iranianas
- =221 Linguas iranianas orientais
- =221.31 Pashto
- =222/=223 Linguas iranianas occidentais
- =222.1 Persa
- =222.5 Kurdo
- =29 Linguas mortas indoeuropeas (non mencionadas anteriormente)

- =3 Linguas mortas de orixe descoñecida. Linguas caucásicas

- =34 Linguas mortas de orixe descoñecida faladas no Mediterráneo e no Oriente Próximo
Inclúe: Caldeo, cario, casita, elamita, etrusco, hático, hurrita, ibero, sumerio

- =35 Linguas caucásicas

- =351 Grupo nororiental das linguas caucásicas
Inclúe: Subgrupo avaro-andí-dido, subgrupo laco-darxínico, subgrupo lezguio / samur (agul, lezguio, rutul, tsakhur), subgrupo vaynakh (bácico, checheno, ingusetio)

- =352 Grupo noroccidental das linguas caucásicas
Inclúe: Abaza, abxasio, circasiano / adigué

- =353 Grupo carelio / meridional das linguas caucásicas
Inclúe: Lazo, mingrelia / magreliano, suano, zan

- =353.1 Xeorxiano

- =361 Vasco / éuscaro

- =4 Linguas afroasiáticas, linguas nilótico-saharianas, linguas do Congo-Kordofan, linguas khoisas

- =41 Linguas afroasiáticas / camitosemíticas

- =411 Linguas semíticas

- =411.1 Linguas semíticas setentrionais
Inclúe: Acadio, amorreo, arameo, asirio, babilonio, canaanita, eblaíta, fenicio, moabita, púnico, siríaco, ugarítico

- =411.16 Hebreo

- =411.2 Linguas semíticas meridionais occidentais
Inclúe: Maltés

- =411.21 Árabe
- =411.3 Linguas semíticas meridionais orientais
Inclúe: Hadramático, himiarita, mehri-sokotri / mod, mineo, sabeo
- =411.4 Linguas etiópicas / etio-semíticas
Inclúe: Amhárico, ge'ez, gurage, tigré, tigríña
- =412 Copto
- =413 Linguas bérberes
Inclúe: Cabileño, linguas tuareg / tamasheq, linguas zenati, tamazight, zenaga
- =414 Linguas chádicas
Inclúe: Linguas bui-mandara, linguas hausa-gwandara, linguas masa, sokoro, somrai
- =414.231 Hausa
- =415 Linguas cusitas
Inclúe: Linguas adar-saho, linguas cusitas centrais (agaw, awngi), linguas cusitas meridionais (iraqw), linguas cusitas orientais (derasa, haddiya, sidamo), linguas cusitas setentrionais (beja), oromo, somalí
- =416 Linguas omóticas
Inclúe: Linguas ximojan, linguas gonga, linguas ometo / welamo
- =42 Linguas nilóticas-saharianas
Inclúe: Songhai
- =422 Linguas saharianas
Inclúe: Dazaga, kanuri, tedaga, zaghawa
- =425 Linguas koman
- =426 Linguas sudánicas orientais
Inclúe: Linguas nilóticas meridionais, linguas nilóticas occidentais (linguas dinka-nuer e luo), linguas nilóticas orientais (linguas lotuko-

maa e teso-turkana), linguas sudánicas setentrionais orientais (linguas nubias, linguas nyima e taman), meroítico

- =43 Linguas do Congo-Kordofán / Níxer-Kordofán
- =431 Linguas kordofanianas
Inclúe: Linguas heiban, linguas katla, linguas talodi, linguas tegali
- =432 Linguas do Níxer-Congo
Inclúe: Bariba, linguas adamawa, linguas atlánticas (fula, jola, wolof), linguas bantuoides, linguas bantús (ndebele, shona, sotho, swazi, xhosa, zulú), linguas do Benue-Congo, linguas gur, linguas ijoides, linguas kwa, linguas kru, linguas senufo, linguas ubangi, linguas do Volta-Níxer (edo, igbo, ioruba), suahili, tswana
- =45 Linguas khoisas
Inclúe: Linguas khoe, linguas khoisas meridionais, linguas khoisas setentrionais, sandawe
- =5 Linguas ural-altaicas, linguas paleosiberianas, linguas esquimó-aleutianas, linguas dravídicas, linguas sinotibetanas. Xaponés. Coreano. Ainu
- =51 Linguas ural-altaicas
- =511 Linguas urálicas
- =511.1 Linguas ugrofinesas
- =511.11 Linguas finesas
- =511.111 Finés
- =511.113 Estoniano
- =511.12 Linguas sami / saami / lapoas
- =511.14 Linguas úgricas
- =511.141 Húngaro

- =511.2 Linguas samoiedas
- =512 Linguas altaicas
- =512.1 Linguas turcas
- =512.12 Grupo central das linguas turcas
Inclúe: Karakalpak, nogai
- =512.122 Casaco
- =512.13 Grupo oriental / karluk das linguas turcas
Inclúe: Khoton, uigur
- =512.133 Uzbeco
- =512.14 Grupo occidental das linguas turcas
Inclúe: Bashkir, karachay, karaite, kumyk, tártaro
- =512.15 Grupo setentrional das linguas turcas
Inclúe: Altai, chulym, iacutio, khakas, shor, tuva
- =512.154 Kirguiz
- =512.16 Grupo meridional das linguas turcas
Inclúe: Gagauz, khalaj
- =512.161 Turco / osmanlí
- =512.162 Azerí
- =512.164 Turcomán
- =512.2 Linguas tunguses
- =512.3 Linguas mongólicas
Inclúe: Buryat, dagur, khalkha, khorchin, mongol, mongour, oirat / calmuco, ordos, pao-an
- =521 Xaponés

- =531 Coreano
- =541 Ainu
- =55 Linguas paleosiberianas
Inclúe: Gilyak, ienisei-ostiaco, iucaguiro, linguas chukchi-kamchatka (chukchi, coriaco, kamchadal)
- =56 Linguas esquimó-aleutianas
Inclúe: Aleut / allithuh, inuit, inuit de Alaska (inupiatun, qawiaraq), inuktikut (inuinnaqtun, inuit de Canadá, inuvialuktun), iupik, kalaallisut / groenlandés
- =58 Linguas sinotibetanas
- =581 Linguas chinas
Inclúe: Cantonés, hakka, hsiang, kan, mandarín, min man, min pei, taiwanés, wu
- =582 Linguas kam-tai
Inclúe: Grupo kadai, grupo kam sui, linguas tai (laosiano, lü, shan, tailandés, tho, yuan)
- =583 Linguas miao-yao
Inclúe: Laka, miao, mien / yao, punu
- =584 Linguas tibetano-birmanas
Inclúe: Adi, akha, birmano, bodo, dzorgai, garo, kachin / ching pa'o, lahu, lepcha, linguas karen, linguas naga-kuki-chin, lisu, lolo, newari, nosu, nung, rawang, tangsa, tibetano
- =6 Linguas austroasiáticas. Linguas austronesias
- =61 Linguas austroasiáticas
- =611 Grupo aslia / de Malaca
- =612 Linguas mon-khmer
- =612.4 Cambodjano / khmer

- =612.91 Vietnamita
- =613 Linguas munda
- =614 Grupo nicobarés
- =62 Linguas austronesias
- =621 Linguas malaio-polinesias
Inclúe: Grupo ataiálico, grupo das Célebes centrais, grupo das Célebes meridionais, grupo das Célebes setentrionais, grupo filipino, grupo formosiano, grupo hisperonesio, grupo paiwánico, linguas indonesias occidentais (balinés, linguas de Borneo, linguas malaio-polinesias de Indochina, malgaxe, sumatrés, xavanés)
- =621.251 Malaio / bahasa Indonesia / bahasa Malaysia
- =622 Linguas oceánicas
Inclúe: Linguas da Micronesia, linguas das illas Salomón, linguas das Novas Hébridas, linguas de Austronesia, linguas de Nova Caledonia, linguas do noreste de Nova Guinea, linguas melanesias, linguas polinesias (hawaiano, maorí, tahitiano)
- =7 Linguas indopacíficas (non austronesias). Linguas australianas
- =71 Linguas indopacíficas (non austronesias)
Inclúe: Andamanés, timorés
- =713 Linguas papúas / de Nova Guinea
- =714 Linguas do noreste de Nova Guinea. Linguas madang
- =715 Linguas de Nova Guinea occidental
- =716 Linguas das illas Bougainville
- =718 Tasmaniano
- =719 Outras linguas indopacíficas

- =72 Linguas australianas

- =721 Grupo pama-márico

- =722 Grupo pama-nyungano

- =729 Outras linguas australianas

- =8 Linguas indíxenas americanas
Nota de alcance: Cómpre clasificar aquí as linguas indíxenas das Américas faladas polos pobos indíxenas (aborixes) dende o extremo sur de Sudamérica ata Alaska e Groenlandia

- =81 Linguas indíxenas de Canadá, Estados Unidos e México setentrional e central
Inclúe: Haida, kutenai, linguas algonquinas, linguas caddoanas, linguas chumash, linguas hoka, linguas iroquesas, linguas keresa, linguas muskogi, linguas na-dené, linguas súx, linguas tequistlatecas, salina, seri

- =82 Linguas indíxenas da costa occidental norteamericana, México e Iucatán
Inclúe: Huave, familias lingüísticas indíxenas norteamericanas (chimaku, kiowa-tano, penutia, salish, wakasha), linguas illadas de México e Iucatán, linguas maias, linguas oto-mangues, linguas tarascas, linguas uto-aztecas, linguas zuni, totonaca, utia

- =821.24 Linguas mixe-zoque

- =822.21 Náhuatl
Inclúe: Náhuatl clásico / azteca e linguas nahuas: todas as variantes do náhuatl e do pipil moderno

- =823.7 Linguas zapotecas

- =84/=88 Linguas indíxenas de América Central e América del Sur

- =84 Linguas ge-pano-caribes. Linguas macro-chibchas

- =842 Linguas ge-pano-caribes

- Inclúe: Linguas macro-caribes (caribe), linguas macro-ge-bororos, linguas macro-panoanas, linguas nambikwaras / nambicuaras*
- =845 Linguas macro-chibchas
Inclúe: Linguas aruak, linguas barbacoa, linguas chibchas, linguas chibcha-tunebo, linguas chocó, linguas cofán-guaymí, linguas misumalpa, linguas talamanca, kamsa, kuna / tule, motilón / bari, paya / pech, rama, paez / nasa, rama
- =85 Linguas andinas. Linguas ecuatoriais
- =852 Linguas andinas
Inclúe: Kunza, linguas da Arxentina andina e central, linguas uru-chipayas, puquina-callawaya
- =852.11 Aymarά
- =852.2 Linguas quechuas
- =852.5 Linguas araucanas
- =852.51 Mapuche / mapudungun
- =855 Linguas ecuatoriais
Inclúe: Linguas arauacas
- =855.21 Linguas guaraní
- =86 Linguas do Chaco. Linguas da Patagonia e da Terra de Fogo
- =862 Linguas do Chaco
- =865 Linguas da Patagonia e da Terra de Fogo
- =88 Linguas indíxenas illadas ou non clasificadas de América Central e América do Sur
- =9 Linguas artificiais

=92 Linguas artificiais para o uso entre seres humanos. Linguas auxiliares internacionais (interlinguas)

Inclúe: Interlingua, interlingue / occidental, langue bleue, volapük

=922 Esperanto

=93 Linguaxes artificiais utilizadas para instrucións de máquinas. Linguaxes de programación. Linguaxes de computador

Nota de alcance: Cómpre clasificar aquí a linguaxe na que está escrito o documento (p.ex. un programa informático)

→ 004.43

(0...) **Auxiliares comúns de forma. Táboa 1d**

Nota de alcance: Os auxiliares comúns de forma designan a forma interna (tipo de presentación) e externa (física) dun documento cuxa temática vén expresada por un número principal da CDU, e non se utilizan para denotar a temática do mesmo. Cómpre clasificar as formas literarias (poesía, teatro, novela, etc.) mediante as subdivisións da clase 82-1/-9

Nota de aplicación: Os auxiliares (0...) pódense aplicar a todas as táboas principais cando a forma física sexa un aspecto secundario. Estes auxiliares adoitan colocarse detrás do número principal. Non obstante, cando sexa necesario agrupar documentos por forma no canto de por materia, pódese alterar a orde colocando diante o auxiliar común axeitado. As formas non recollidas na Táboa 1d pódense clasificar mediante combinación de dous puntos dunha clase con (0:...), p.ex. 94(0:791) - Historia presentada en forma de filme. Cando se queira expresar máis dun aspecto de forma, cómpre distinguir entre forma interna, onde a forma inflúe na materia (p.ex. presentación histórica), e forma externa, que amosa só as características físicas do soporte de información (p.ex. gravación sonora). Nestes casos, e con independencia da orde numérica, a continuación do número principal deberían colocarse primeiro os auxiliares comúns de forma interna e despois os de forma externa, p.ex. 792(091)(086.7) - Teatro - forma histórica - gravación sonora (Historia do teatro como gravación sonora)

Exemplo(s) de combinación:

(035)54	Manuais de química (clasificados xunta outros manuais)
(038)54	Dicionarios de química (clasificados xunta outros dicionarios)
(054)(44)	Xornais franceses
54(035)	Manuais de química (clasificados xunta outros traballos de química)
54(038)	Dicionarios de química (clasificados xunta outros traballos de química)

(0.02/.08) **Auxiliares especiais para forma dos documentos**

- (0.02) Documentos segundo a súa forma física ou externa
Inclúe: Tamaño, formato, cor, transparencia, material, impresión espacial, ilustración, encadernación, edición
- (0.03) Documentos segundo o método de produción
Inclúe: Textos mecanografiados, copias, reproducións, documentos duplicados, documentos impresos (preprints, separatas), traballos en varias partes ou volumes
- (0.032) Documentos escritos á man (copias autógrafas, copias hológrafas).
Manuscritos. Documentos pictóricos (debuxos, pinturas)
- (0.034) Documentos lexibles por máquinas
Inclúe: Soportes perforados, documentos dixitais, soportes magnéticos e ópticos
- (0.04) Documentos segundo a etapa de produción
Inclúe: Borradores; documentos temporais ou provisionais; primeira edición, reimpresión, edición revisada, edición nova
- (0.05) Documentos para tipos particulares de usuario

→ -05
- (0.06) Documentos segundo o nivel de presentación e dispoñibilidade
Inclúe: Exposición de nivel baixo, elemental ou popular; exposición de nivel intermedio ou medio; exposición de nivel alto ou avanzado; documentos cuxa dispoñibilidade, distribución e/ou almacenaxe son limitados ou especiais; documentos como "literatura gris"

→ (035), (075)
- (0.07) Material complementario publicado cun documento
Inclúe: Material explicativo (comentarios, ampliacións, anotacións, críticas); emendas, adicións, epílogos; correccións, erratas, corrixendas; suplementos, apéndices, anexos

→ (048)
- (0.08) Suplementos publicados por separado ou partes de documentos

→ (0.07)

(01) Bibliografías

(02) Libros en xeral

Nota de alcance: Cómpre clasificar aquí os documentos en forma de libro en xeral

(03) Obras de referencia

Inclúe: Enciclopedias, dicionarios, léxicos, glosarios

Nota de alcance: Cómpre clasificar aquí as obras que conteñan información sobre diversas materias ou sobre a totalidade do coñecemento (sexo en orde alfabética, sistemática ou outra)

(031) Enciclopedias

(035) Manuais

Nota de alcance: Cómpre clasificar aquí as obras de referencia concisas que abrangan un tema ou un eido de coñecemento concreto

→ (076)

(036) Guías (con información práctica e descritiva)

(038) Dicionarios

Inclúe: Dicionarios de idiomas, dicionarios especializados, dicionarios técnicos

Nota de aplicación: Cómpre clasificar os dicionarios especializados por materia, combinando o número correspondente con (038). Os dicionarios xerais monolingües pódense clasificar usando unicamente o auxiliar común. Con todo, en lingüística débese dar prioridade ao idioma ou á característica lingüística. Cando sexa necesario cumprirá reverter a orde de citación para permitir a clasificación baixo o número de forma

Exemplo(s) de combinación:

(038)=111 Dicionario de inglés

(038)=111=112.2 Dicionario bilingüe, inglés e alemán

(038)=134.2=134.4 Dicionario bilingüe, castelán e galego
54(038)=134.2 Dicionario de química en castelán

- (04) Separatas non seriadas. Separatas
- (041) Panfletos. Folletos
- (042) Alocucións. Conferencias. Discursos
→ (07), 82-5
- (043) Teses. Disertacións
- (044) Documentos persoais. Correspondencia. Cartas. Circulares
Inclúe: Correspondencia privada, correspondencia social, cartas comerciais, correspondencia oficial
→ 82-6
- (045) Artigos en publicacións periódicas, coleccións, etc.
→ (05), (08)
- (046) Artigos xornalísticos
- (047) Informes. Noticias. Boletíns
→ (055)
- (048) Descricións bibliográficas. Resumos. Sumarios. Compilacións
→ (01)
- (049) Outras separatas non seriadas
Inclúe: Manifestos, controversias, apoloxías, cuestionarios
- (05) Publicacións en serie. Publicacións periódicas
Nota de alcance: Para artigos individuais e colaboracións en publicacións periódicas e xornais, cómpre usar (045) e (046)

- (045), (046)
- (051) Publicacións periódicas (en sentido estrito)
Inclúe: Revistas
- (054) Xornais
Nota de alcance: Cómpre clasificar aquí os xornais en sentido estrito: publicacións de aparición frecuente que conteñen principalmente noticias e información de actualidade. Para xornais como materia, cómpre usar 070
- 070
- (055) Boletíns de noticias. Follas informativas. Boletíns informativos
- (047)
- (058) Anuarios. Directorios
- (059) Almanagues. Calendarios (de todo tipo)
Inclúe: Efemérides
- (06) Publicacións relacionadas con sociedades, asociacións ou organizacións
- (07) Documentos para instrución, ensino, estudo ou formación
Nota de alcance: Cómpre clasificar aquí o material educativo como forma. Para material educativo como materia, cómpre usar 37.09
- (03), 37.09
- (072) Materiais documentais para o ensino. Manuais do profesor
- (084), (086)
- (073) Currículos. Programas e plans de estudos
- (075) Libros de texto. Libros escolares. Libros de estudo
- (076) Documentos para o ensino e a formación práctica

Inclúe: Exercicios de laboratorio e de campo, textos para ensino programado

→ (035), (083)

(078) Outros documentos e materiais educativos

Inclúe: Estudos de caso

(079) Documentos relacionados con concursos, tests, exames, etc.

Inclúe: Certificados de exame, diplomas, graos, certificados de aptitude

(08) Poligrafías e coleccións. Formularios. Listaxes. Ilustracións. Publicacións comerciais

(081) Poligrafías individuais. Coleccións de obras de autores individuais

(082) Poligrafías colectivas. Coleccións de obras de varios autores

Inclúe: Antoloxías, seleccións, extractos, citas

→ 082

(083) Documentos técnicos e normativos. Táboas. Listaxes

Inclúe: Estándares, especificacións, guías, manuais de usuario, instrucións, inventarios

→ 006

(084) Imaxes. Documentos pictóricos. Documentos gráficos

Inclúe: Imaxes, ilustracións, fotografías, imaxes en movemento sobre película, diagramas, gráficos, mapas, planos, cartas

→ 003.6

(085) Publicacións de empresas (industriais, comerciais). Publicidade comercial, información comercial, material publicitario

Inclúe: Catálogos comerciais, listaxes de prezos, tarifas

(086) Documentos tridimensionais (sólidos). Documentos sonoros e audiovisuais

- (086.3) Mostras, obxectos como documentos
Inclúe: Portaobxectos para microscopio, pezas de museo, globos terrestres
- (086.7) Documentos sonoros. Gravacións sonoras
- (086.8) Gravacións de vídeo
Nota de alcance: Cómpre clasificar aquí as gravacións de vídeo con ou sen son
- (088) Documentos testificais. Documentos con fins específicos
Inclúe: Pasaportes, licenzas, documentos de identidade, contratos, marcas rexistradas, patentes
- (09) Presentación en forma histórica. Fontes legais e históricas
- (091) Presentación en forma cronolóxica, histórica. Presentación histórica en sentido estrito

Exemplo(s) de combinación:
- | | |
|---------|---|
| 33(091) | Historia da economía e da ciencia económica |
| 51(091) | Historia das matemáticas |
| 82(091) | Historia da literatura |
| 91(091) | Historia da xeografía |
- (092) Presentación biográfica

Exemplo(s) de combinación:
- | | |
|-------------|-----------------------|
| 53-051(092) | Biografías de físicos |
|-------------|-----------------------|
- 82-92, 929
- (093) Fontes históricas
- (094) Fontes legais. Documentos legais

→ 340.13, 340.14

(1/9) **Auxiliares comúns de lugar. Táboa 1e**

Nota de alcance: Os auxiliares comúns de lugar indican a zona xeográfica, localidade ou outros aspectos espaciais dun documento cuxa temática vén expresada por un número principal da CDU, p.ex. 331.2(44) - Salarios en Francia, 338.47(81) - Economía do transporte no Brasil. Os auxiliares comúns de lugar forman a base para a subdivisión de 913 - Xeografía rexional e de 94 - Historia

Nota de aplicación: Os auxiliares (1/9) pódense aplicar a todas as táboas principais cando o lugar sexa un aspecto secundario. Estes auxiliares adoitan colocarse detrás do número principal. Non obstante, cando sexa necesario agrupar documentos por lugar no canto de por materia, pódese alterar a orde colocando diante o auxiliar común axeitado, p.ex. 339.5(73) - Comercio exterior de EE.UU, (73)339.5 – Estados Unidos: Comercio exterior. Excepcionalmente, o auxiliar común de lugar illado pode servir para clasificar documentos cuxa procura se vaia realizar en función do lugar (p.ex. algúns mapas). No Sumario CDU, a sección xeopolítica da táboa (4/9) non está subdividida máis aló do nivel estatal. As unidades menores pódense indicar mediante auxiliares especiais (1-2/-4) e/ou especificación alfabética (Táboa 1h)

Exemplo(s) de combinación:

(44-2) Comunas de Francia

→ 913, 94

(1) Lugar e espazo en xeral. Localización. Orientación

(1-0/-9) **Auxiliares especiais para límite e forma espacial de varios tipos**

Nota de aplicación: Os auxiliares especiais (1-0/-9) pódense combinar cos auxiliares comúns (2/9) para indicar partes ou aspectos de áreas específicas. Tamén se poden utilizar con (1), cun significado xeral

(1-0) Zonas

Inclúe: Zonas limítrofes, fronteiras, zonas militares; rexións descoñecidas e inexploradas

- (1-1) Orientación. Puntos cardinais. Posición relativa
- (1-11) Leste. Oriental
- (1-12) Sueste. Sudoriental
- (1-13) Sur. Meridional
- (1-14) Suroeste. Sudoccidental
- (1-15) Oeste. Occidental
- (1-16) Noroeste. Nordoccidental
- (1-17) Norte. Setentrional
- (1-18) Nordeste, nordés. Nordoriental
- (1-19) Posición, dirección e orientación relativas
- (1-2/-4) Unidades políticas. Unidades administrativas
Nota de aplicación: Os auxiliares especiais (1-2/-4) pódense aplicar a (3/9) para referirse a localidades específicas; usados na forma en que se presentan aquí, refírense á unidade administrativa en xeral e a temas relacionados
- (1-2) Unidades administrativas de nivel inferior. Localidades
Inclúe: Districts (Reino Unido), communes (Francia), Gemeinden (Alemaña)
- (1-21) Municipios, concellos. Localidades de carácter urbano. Distritos urbanos
Exemplo(s) de combinación:
 (460.111-21) Concellos da provincia de A Coruña
- (1-22) Comunidades e distritos rurais. Aldeas, lugares. Parroquias
Exemplo(s) de combinación:

(460.113-22) Aldeas da provincia de Lugo

- (1-24) Unidades administrativas locais conxuntas
Inclúe: Cantons (Francia), Ämter (Alemaña)
- (1-25) Capitais. Metrópoles
- (1-28) Agrupacións intermunicipais
Inclúe: Para formación profesional, subministración de auga
- (1-3) Grandes divisións dentro dun Estado
- (1-32) Divisións administrativas de nivel superior
Inclúe: Comunidades autónomas
- (1-35) Divisións administrativas de nivel medio
*Inclúe: Counties (Reino Unido), départements (Francia),
Regierungsbezirke (Alemaña), amter (Dinamarca), provincias (España)*

Exemplo(s) de combinación:

(460.11-35) Provincias de Galicia (en xeral)

- (1-37) Divisións administrativas de nivel inferior
Inclúe: Arrondissements (Francia), Kreise (Alemaña)
- (1-4) Unidades de nivel superior (estatal). Nacións. Estados. Confederacións
- (1-43) Estados que constitúen unha confederación. Estados federais. República autónomas

Exemplo(s) de combinación:

(73-43) Estados dos Estados Unidos de América

- (1-44) Imperios. Conxunto da metrópole, dominios e colonias

Exemplo(s) de combinación:

(41-44) Commonwealth e Imperio Británico en xeral

- (1-5) Territorios dependentes ou semidependentes

- (1-6) Estados ou grupos de estados dende distintos puntos de vista
- (1-7) Lugares e áreas segundo o seu carácter público ou privado e outras características especiais
- (1-8) Localización. Orixe. Tránsito. Destino
- (1-9) Rexionalización segundo puntos de vista especializados
- (100) Universal (como lugar). Internacional. Todos os países en xeral
- (2) Designación fisiográfica
- (20) Ecosfera
- (21) Superficie da Terra en xeral. Superficies dos territorios dos distintos países. Zonas e rexións naturais
→ 551.4, 551.8
- (23) Sobre o nivel do mar. Relevo superficial. Montañas
- (24) Baixo o nivel do mar. Baixo terra. Subterráneo
→ 551.44
- (25) Terras chairas naturais (sobre, baixo ou a nivel do mar). A terra firme en estado natural, cultivada ou habitada
- (26) Océanos, mares e interconexións
→ (28), 551.46
- (28) Augas continentais
- (3/9) **Lugares individuais do mundo antigo e moderno**
- (3) Lugares do mundo antigo e medieval

Nota de alcance: Cómpre clasificar aquí os países coñecidos na Antigüidade greco-romana ata a caída do Imperio Romano de Occidente (476 d.C.), e outros lugares (p.ex. América precolombiana) ata o século XV. Nos lugares onde esta clasificación non teña sentido, cómpre clasificar en (4/9)

- (31) China e Xapón antigos
- (32) Antigo Exipto
- (33) Antiga provincia romana de Xudea. Terra Santa. A rexión dos israelitas
- (34) India antiga
- (35) Medo-Persia
- (36) Rexións dos pobos chamados "bárbaros"
Inclúe: Tribos xermánicas, celtas, eslavos, pobos nórdicos, hunos, ávaros
- (37) Antiga Roma e Italia
- (38) Antiga Grecia
- (399) Outras rexións. Divisións xeográficas antigas distintas das pertencentes á Antigüidade clásica
- (399.7) Rexións das antigas culturas americanas. América precolombiana
- (4/9) Países e lugares do mundo moderno
Nota de aplicación: Cómpre especificar mediante auxiliares especiais (1-0/-9) e/ou especificación alfabética (Táboa 1h)
- (4) Europa
- (41) Países das Illas Británicas
- (410) Reino Unido da Gran Bretaña e Irlanda do Norte. United Kingdom of Great Britain and Northern Ireland

- (417) Irlanda. República de Irlanda. Éire
- (430) Alemaña. República Federal de Alemaña. Bundesrepublik Deutschland
- (435.9) Luxemburgo. Gran Ducado de Luxemburgo. Grand-Duché de Luxembourg. Grossherzogtum Luxemburg. Grousherzogdem Lëtzebuerg
- (436) Austria. República de Austria. Republik Österreich
- (437.3) Chequia. República Checa. Česko. Česká Republika
- (437.6) Eslovaquia. República Eslovaca. Slovensko. Slovenská Republika
- (438) Polonia. República de Polonia. Rzeczpospolita Polska
- (439) Hungría. República de Hungría. Magyarország. Magyar Köztársaság
- (44) Francia. República Francesa. République Française
- (450) Italia. República Italiana. Repubblica Italiana
- (454.4) San Marino. Serenísima República de San Marino. Serenissima Repubblica di San Marino
- (456.31) Vaticano. Estado da Cidade do Vaticano (Santa Sede). Stato della Città del Vaticano
- (458.2) Malta. República de Malta. Repubblika ta' Malta
- (46) Países da Península Ibérica
- (460) España. Reino de España
- (460.11) **Comunidade Autónoma de Galicia**
- (460.111) A Coruña (provincia)
- (460.111.1) Santiago de Compostela (capital da comunidade autónoma)

- (460.111.2) A Coruña (capital da provincia)
- (460.113) Lugo (provincia)
- (460.113.2) Lugo (capital da provincia)
- (460.115) Pontevedra (provincia)
- (460.115.2) Pontevedra (capital da provincia)
- (460.117) Ourense (provincia)
- (460.117.2) Ourense (capital da provincia)

- (467) Andorra. Principado de Andorra. Principat d'Andorra
- (469) Portugal. República Portuguesa
- (470+571) Rusia. Federación Rusa. Rossiya. Rossiiskaya Federatsiya
- (474) Países bálticos
- (474.2) Estonia. República de Estonia. Eesti Vabariik
- (474.3) Letonia. República de Letonia. Latvijas Republika
- (474.5) Lituania. República de Lituania. Lietuvos Respublika
- (476) Bielorrusia. República de Bielorrusia. Respublika Belarus
- (477) Ucraína. Ukrayina
- (478) Moldavia. República de Moldavia. Republica Moldoveneasca
- (479) Países do Cáucaso

- (57)

- (479.22) Xeorxia. República de Xeorxia. Sakartvelo. Sakartvelos Respublika

- (479.24) Acerbaixán. República de Acerbaixán. Azərbaycan Respublikası
- (479.25) Armenia. República de Armenia. Hayastan. Hayastani Hanrapetut'yun
- (48) Países escandinavos
- (480) Finlandia. República de Finlandia. Suomi. Suomen Tasavalta. Republiken Finland
- (481) Noruega. Reino de Noruega. Kongeriket Norge. Kongeriket Noreg
- (485) Suecia. Reino de Suecia. Konungariket Sverige
- (489) Dinamarca. Reino de Dinamarca. Kongeriget Danmark
- (988)
- (491.1) Islandia. República de Islandia. Lýðveldið Ísland
- (492) Países Baixos. Reino dos Países Baixos. Koninkrijk der Nederlanden
- (493) Bélxica. Reino de Bélxica. Royaume de Belgique. Koninkrijk België. Königreich Belgien
- (494) Suíza. Confederación Suíza. Schweizerische Eidgenossenschaft. Confédération Suisse. Confederazione Svizzera. Confederaziun Svizra
- (494.9) Liechtenstein. Principado de Liechtenstein. Fürstentum Liechtenstein
- (495) Grecia. República Helénica. Elliniki Dimokratia
- (496.5) Albania. República de Albania. Shqipëria. Republika e Shqipërisë
- (497) Países balcánicos
- (497.11) Serbia. República de Serbia. Republika Srbija
- (497.16) Montenegro. Crna Gora
- (497.2) Bulgaria. República de Bulgaria. Bulharsko. Republika Bulgariya

- (497.4) Eslovenia. República de Eslovenia. Republika Slovenija
- (497.5) Croacia. República de Croacia. Republika Hrvatska
- (497.6) Bosnia e Hercegovina. República de Bosnia e Hercegovina. Bosna i Hercegovina
- (497.7) Macedonia. República de Macedonia. Republika Makedonija
- (498) Romanía. República de Romanía. România
- (478)
- (5) Asia
- Exemplo(s) de combinación:*
- (5-11) Asia oriental. Extremo Oriente
- (5-15) Asia occidental. Oriente Próximo e Oriente Medio
- (510) China. República Popular da China. Zhōnghuá Rénmín Gònghéguó
- (512.317) Hong Kong. Xianggang / Hsiang-Kang
- (512.318) Macau. Aomen / Ao-men
- (515) Tíbet. Rexión Autónoma do Tíbet. Xizang Zizhiqu
- (517.9) Mongolia. Mongol Uls
- (519) Corea
- (519.3), (519.5)
- (519.3) Corea do Norte. República Popular e Democrática de Corea. Chosŏn Minjujuŭi In'min Konghwaguk
- (519)
- (519.5) Corea do Sur. República de Corea. Taehan Min'guk

- (519)
- (52) Xapón e illas adxacentes
- (520) Xapón. Nippon / Nihon. Nippon-koku / Nihon Koku
- (529) Taiwán. República da China. Zhōnghuá Mínguó
- (510)
- (53) Países e territorios árabes
- (532) Arabia Saudita. Reino de Arabia Saudita. Al-Mamlaka al-'Arabiyya as-Su'ūdiyya
- (533) Iemen. República do Iemen. Al-Jumhūriyyah al-Yamaniyyah
- (535) Omán. Sultanato de Omán. Salṭanat 'Umān
- (536) Países de Arabia oriental / do Golfo Pérsico
- (536.2) Emiratos Árabes Unidos. Dawlat al-Imārāt al-'Arabīyah al-Muttaḥidah
- (536.4) Qatar. Estado de Qatar. Dawlat Qaṭar
- (536.5) Bahrain. Reino de Bahrain. Mamlakat al-Baḥrayn
- (536.8) Kuwait. Estado de Kuwait. Dawlat al-Kuwayt
- (54) Países do subcontinente indio
- (540) India. República da India. Bhārat Gaṇarājya
- (541.31) Bután. Reino de Bután. Druk-yul. Druk Gyal Khab / Dru Gäkhap
- (541.35) Nepal. República Federal Democrática do Nepal. Sanghiya Loktantrik Ganatantra Nepal

